

Expte: 2436/500

**ADAPTACIÓN DO TEXTO DA
ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POLOS
SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE
AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS,
SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE
AUGAS RESIDUAIS Á
NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 20 DO
TRLRFL SEGUNDO O DISPOSTO NA LEI
9/2017 DE 8 DE NOVEMBRO DE
CONTRATOS DO SECTOR PUBLICO.(60).**

2019

DIRECCIÓN
DE
INGRESOS

CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 2436 / 500

TIPO EXPTE: ORDENANZAS

SOLICITANTE: Direccion De Ingresos

INFORME RESOLUCIÓN INICIO EXPEDIENTE:

Esta Dirección de Ingresos precisa tramitar **A ADAPTACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS Á NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 20 DO TRLRFL QUE ESTARÁ VIXENTE A PARTIR DO 9 DE MARZO DE 2018 SEGUNDO O DISPOSTO NA LEI 9/2017 DE 8 DE NOVEMBRO DE CONTRATOS DO SECTOR PUBLICO.**

De conformidade coa disposición final duodécima da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Publico resultará modificado, con entrada en vigor o 9 de abril de 2018, o artigo 20 da Lei Reguladora das Facendas Locais. A citada modificación determina que *“as contraprestacións económicas establecidas coactivamente que se perciban pola prestación dos servizos públicos á que se refire o apartado 4 do citado artigo, realizada de forma directa mediante personificación privada ou mediante xestión indirecta, terán a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario”*.

Segundo o anterior, toda vez que a prestación dos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais se realizan en réxime de concesión, procede a adaptación da vixente ordenanza ao novo instituto xurídico de prestación patrimonial de carácter público.

A citada adaptación límitase á encadrar as contraprestacións reguladas como taxas noutra categoría das previstas no artigo 2 do TRLRFL, sen ningunha modificación de procedementos de exacción nin contías das prestacións.

Vigo, novembro de 2017
Asina: A Directora de Ingresos

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015) e conforme a proposta da Directora de Ingresos que antecede

RESOLVO:

Iniciar a tramitación da adaptación do texto da ordenanza fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais á nova redacción do artigo 20 do TRLRFL que estará vixente a partir do 9 de marzo de 2018 segundo o disposto na lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector publico.

Vigo, novembro 2017
Asina: O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:36

Páxina 1 de 1

Expediente 2436/500

CSV: 2BE85D-27318H-523639-SC78ZZ-CVFPRR-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



EXPTE: 2436/500

INFORME SOBRE CONSULTA PREVIA EN EXPEDIENTE DE ADAPTACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS Á NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 20 DO TRLRFL QUE ESTARÁ VIXENTE A PARTIR DO 9 DE MARZO DE 2018 SEGUNDO O DISPOSTO NA LEI 9/2017 DE 8 DE NOVEMBRO DE CONTRATOS DO SECTOR PUBLICO.

Primeiro.- De conformidade coa Disposición Final Duodécima da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público resultará modificado, con entrada en vigor o 9 de abril de 2018, o artigo 20 da Lei Reguladora das Facendas Locais. A citada modificación determina que *“as contraprestacións económicas establecidas coactivamente que se perciban pola prestación dos servizos públicos á que se refire o apartado 4 do citado artigo, realizada de forma directa mediante personificación privada ou mediante xestión indirecta, terán a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario”*.

Segundo o anterior, toda vez que a prestación dos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais se realizan en réxime de concesión, procede a adaptación da vixente ordenanza ao novo instituto xurídico de prestación patrimonial de carácter público.

Segundo.- Resulta de aplicación á tramitación desta adaptación o disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, que regula a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de lei e regulamentos.

Este precepto establece no seu apartado 4. parágrafo 2º que: *“ Cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública regulada no apartado 1º”*.

No presente caso, a adaptación normativa limitarase a encadrar as contraprestacións reguladas como taxas noutra categoría das previstas no artigo 2 do TRLRFL, sen ningunha modificación de procedementos de exacción nin contías das prestacións.

En consecuencia, esta futura adaptación non terá ningún impacto na actividade económica, nin impón obrigas novas aos destinatarios. Só regula aspectos parciais que se concretan no cambio de denominación da contraprestación que os usuarios deben satisfacer polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais *ope legis* a partir do 9 de marzo do 2018. Dende esta data, esta taxa convértese nunha prestación patrimonial de carácter público.

Vigo, decembro de 2017

Asinan, a Técnica Xurídica da Dirección de Ingresos e a Directora de Ingresos

CONFORME:

Vista a fundamentación contida no anterior informe, prestase conformidade á mesma.

Asina a Titular da Asesoría Xurídica



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:36

Páxina 1 de 1

Expediente 2436/500

CSV: 2CE35E-2A3A8D-5C3F4B-X9G5JC-9NBA95-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**DIRECCIÓN
DE
INGRESOS**

**CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO
DE VIGO**



EXPTE: 2436/500

INFORME PROPOSTA

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Adaptación do texto da Ordenanza Fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais á nova redacción do artigo 20 do TRLRFL que estará vixente a partir do 9 de marzo de 2018 segundo o disposto na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público”.

A Lei 9/2017 de 9 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao Ordenamento Interno as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 ten introducido un cambio na “natureza” da contraprestación que pagan os usuarios pola prestación dun servizo público prestado en réxime de concesión administrativa.

Ata o presente e dende o 1 de xaneiro de 1999, o Concello de Vigo ten aprobado, baixo a natureza xurídica de taxa, a contraprestación polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais seguindo, primeiro a sentenza do Tribunal Constitucional 185/1995 e logo, a Lei xeral tributaria 58/2003 de 17 de decembro, así como sucesivas sentenzas do Tribunal Supremo.

Sen embargo, compre sinalar que a Sentenza do Tribunal Constitucional 185/1995, ao analizar o concepto constitucional de “prestación patrimonial de carácter público” do artigo 31.3 da Constitución, sinalou que aquela é “toda prestación coactiva que se esixe ao cidadán cando este pretenda acceder a un servizo vital, obrigatorio ou ao uso do dominio público”. Engadiu que os tributos eran unha manifestación das “prestacións patrimoniais de carácter público” pero non a única.

Esta é a tese que recolle o lexislador no ano 2017 para regular de forma clara e inequívoca que “as contraprestacións que abona o usuario a un concesionario ou empresa privada que presta un servizo son “tarifas”. Se o servizo é coactivo, como é o caso presente, estas terán a natureza de “prestacións patrimoniais de carácter público pero non tributarias”.

Coa finalidade de precisar o concepto de “prestación patrimonial de carácter público de natureza non tributaria” as disposicións finais novena, undécima e duodécima da Lei 9/2017 de CSP, modifican tres normas legais de natureza tributaria: Lei de taxas e prezos públicos, Lei xeral tributaria e Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Incorporárase, ademais unha Disposición Adicional cuadraxésima terceira, cuxo único contido é fixar a natureza das contraprestacións económicas pola explotación de obras públicas ou a prestación de servizos públicos en réxime de dereito privado.

No relativo ao que afecta directamente á vixente “Ordenanza fiscal de taxas pola subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais”, en tanto que estes servizos son esenciais, obrigatorios e son prestados en réxime de concesión administrativa, reproducimos a continuación o tenor literal do novo apartado 6 do artigo 20 do TRLRFL, que entrará en vigor o próximo 9 de marzo de 2017.

“6. Las contraprestaciones económicas establecidas coactivamente que se perciban por la prestación de los servicios públicos a que se refiere el apartado 4 de este artículo, realizada de forma directa mediante personificación privada o mediante gestión indirecta, tendrán la condición de prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario conforme a lo previsto en el artículo 31.3 de la Constitución.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 12:36	Páxina 1 de 5
	Expediente 2436/500	CSV: 2BEC51-273489-5339C9-R64CJF-WXKDHN-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

**DIRECCIÓN
DE
INGRESOS**

**CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO
DE VIGO**



En concreto, tendrán tal consideración aquellas exigidas por la explotación de obras o la prestación de servicios, en régimen de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariales, sociedades de capital íntegramente público y demás fórmulas de Derecho privado.

Sin perjuicio de lo establecido en el artículo 103 de la Ley de Contratos del Sector Público, sobre la procedencia y límites de la revisión de precios, las contraprestaciones económicas a que se refiere este apartado se regularán mediante ordenanza. Durante el procedimiento de aprobación de dicha ordenanza las entidades locales solicitarán informe preceptivo de aquellas Administraciones Públicas a las que el ordenamiento jurídico les atribuyera alguna facultad de intervención sobre las mismas”.

Segundo o anterior esta Dirección de Ingresos ten elaborado unha adaptación do texto vixente da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola subministración de auga potable, rede sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, ao disposto no artigo 20.6 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, que entrará en vigor o próximo 9 de marzo de 2018.

A adaptación límitase ao cambio na denominación da “contraprestación” e a substitución de determinados conceptos tributarios como feito impositivo e base impositiva por outros acordos coa natureza no tributaria da “prestación patrimonial de carácter público”.

Conforme ao disposto no artigo 2 do TRLRFL e artigo 2 da Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, ao ser unha “prestación de dereito público” no relativo aos procedementos de xestión, liquidación e recadación non expresamente regulados na presente Ordenanza, será de aplicación o regulado na citada Ordenanza Fiscal Xeral.

Informe sobre o impacto de xénero.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de bases de réxime local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO :

1º) *Aprobar a seguinte:*

“ADAPTACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS Á NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 20 DO TRLRFL QUE ESTARÁ VIXENTE A PARTIR DO 9 DE MARZO DE 2018 SEGUNDO O DISPOSTO NA LEI 9/2017 DE 8 DE NOVEMBRO DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO”

O Artigo 1 quedará redactado como segue:

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO



**DIRECCIÓN
DE
INGRESOS**

**CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO
DE VIGO**



Segundo o disposto nos artigos 142 e 31.3 da Constitución así como no artigo 105.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, artigos 2 e 20.6 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Vigo regula a prestación patrimonial de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable e servizos de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

O parágrafo 1 e o título do Artigo 2 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 2. OBXECTO DA CONTRAPRESTACIÓN

Constitúe o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público a recepción dos servizos, que a continuación se detallan, prestados polo Concello de Vigo, en réxime de xestión indirecta, baixo a modalidade de concesión administrativa de servizo público.

Os Artigos 3 e 4 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 3. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

- 1.- É suxeito obrigado ao pagamento a persoa física ou xurídica que utilice ou se beneficie dos servizos prestados.
- 2.- Serán responsables subsidiarios do pagamento os propietarios dos inmobles nos que se presten os servizos.

ARTIGO 4. BASE DE CÁLCULO

A base de cálculo da prestación determinarase en función dos consumos efectivamente realizados polo usuario, e obterase mediante diferenza da lectura dos aforos rexistrados –no respectivo contador de medida- durante dous períodos de facturación consecutivos.

No artigo 5, quedarán redactados como segue: o parágrafo primeiro da Tarifa II, os parágrafos primeiro e cuarto e o punto 3 da Tarifa III; o punto 1 da Tarifa IV e o último parágrafo da tarifa V.

ARTIGO 5. TARIFAS

TARIFA II.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS

Na percepción da contraprestación pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles.

TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS

Na percepción da contraprestación pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

Para a confección da liquidación, en aplicación das tarifas establecidas nos epígrafes II e III precedentes, teranse en conta as seguintes normas:

3. As vivendas, locais comerciais e industriais que dispoñan de subministración a través de Comunidades de augas veciñais e os titulares de actividades industriais, con sistema de captación debidamente autorizado, deberán instalar no prazo máximo de seis meses, contados a partir do seguinte á entrada en vigor desta Ordenanza, un contador de medida que permita a súa lectura e comprobación por parte da entidade concesionaria do servizo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 12:36	Páxina 3 de 5
Expediente 2436/500	CSV: 2BEC51-273489-5339C9-R64CJF-WXKDHN-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

**DIRECCIÓN
DE
INGRESOS**

**CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO
DE VIGO**



TARIFA IV

1. Para a execución dos proxectos de enganche e prolongacións da rede existente, utilizarase o cadro de prezos unitarios, que se incorporará ao texto da Ordenanza como anexo número I.

TARIFA V

Con respecto á regulación das cotas unificadas, recollidas neste epígrafe, estarase ao previsto no acordo adoptado polo Pleno da Corporación (sesión de data 13 de decembro de 1997), que se achega co expediente da Ordenanza como anexo número II.

Os Artigos 6, 7 8 e 9 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 6. COTA

A fixación ou determinación da cota a pagar deducirase a través da aplicación das seguintes regras:

- a) Prestación de servizos incluídos nos epígrafes II e III do artigo 5. A cota será resultado de aplicar á base de cálculo a correspondente tarifa unitaria.
- b) En todos os demais supostos, que dean orixe á obriga de pagamento, a cota será coincidente coa tarifa prevista no citado artigo 5 da presente Ordenanza.

ARTIGO 7. NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO

Nace a obriga de pagamento, como norma xeral, no momento de solicitar a prestación do servizo ou cando se utilice este, caso dos supostos previstos nos epígrafes I, II, III e IX.A) do artigo 5.

ARTIGO 8. PERÍODO DE FACTURACIÓN

O período de facturación coincidirá co bimestre natural e a el referiranse as cotas dos servizos cuxa prestación orixine unha liquidación de carácter variable (consumo de abastecemento e saneamento).

ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN

1. A xestión, liquidación e recadación desta prestación patrimonial de carácter público realizarase conforme ao disposto nesta Ordenanza e, con carácter supletorio, conforme ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral. Corresponderán á entidade concesionaria do servizo, FCC AQUALIA, S.A. as operacións materiais de dita xestión, de conformidade co previsto no Prego de condicións que rexe esta concesión.

2. As liquidacións practicadas en virtude desta Ordenanza serán obxecto de aprobación por resolución da Alcaldía.

O primeiro parágrafo do Artigo 11 e o seu título quedarán redactados como segue:

ARTIGO 11. COBRO DA PRESTACIÓN

1. A entidade concesionaria do servizo procederá a efectuar a lectura de todos os contadores de medida dos usuarios do servizo no transcurso do período de facturación. Para tal efecto, e agás circunstancias excepcionais, a medición dos aforos dos beneficiarios do servizo realizarase de tal forma que permita a comparación de consumos dun período de 60 días.

O Artigo 12 e a Disposición Final quedarán redactados como segue:

ARTIGO 12. REVISIÓN DE ACTOS, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

De conformidade co artigo 14.2 do TRLRFL, contra os actos ditados en aplicación da presente Ordenanza procederá o recurso de reposición no prazo dun mes contado dende a finalización do periodo voluntario de cobranza.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:36

Páxina 4 de 5

Expediente 2436/500

CSV: 2BEC51-273489-5339C9-R64CJF-WXKDHN-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**DIRECCIÓN
DE
INGRESOS**

**CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO
DE VIGO**



Para cualificación das infraccións e das sancións que en cada caso procedan estarase a lo previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e na Lei de bases de réxime local.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Aprobación inicial en sesión plenaria previo ditame pola Comisión Informativa de Facenda, co correspondente trámite de audiencia para emendas segundo o Regulamento Orgánico do Pleno.

3º) Someter a información pública e audiencia aos interesados por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia.

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

5º) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Vigo, xaneiro de 2018

Asinan dixitalmente, a Técnica Xurídica de Dirección de Ingresos / Xefa da Inspección de Tributos e a Directora de Ingresos

Conforma o Interventor Xeral e o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 12:36	Páxina 5 de 5
	Expediente 2436/500	CSV: 2BEC51-273489-5339C9-R64CJF-WXKDHN-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

DIRECCIÓN
DE
INGRESOS

CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA

CONCELLO
DE VIGO



Expte: 2436/500

Sr. Titular do Órgano de Apoio
da Xunta de Goberno Local

DILIXENCIA

Achégolle proposta de “Adaptación do texto da Ordenanza Fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais á nova redacción do artigo 20 do TRLRFL que estará vixente a partir do 9 de marzo de 2018 segundo o disposto na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público”, **para ser incluída no Orde do Día da Xunta de Goberno Local de data 1 de febreiro.**

Vigo, xaneiro 2018
Asina O Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 12:36	Páxina 1 de 1
	Expediente 2436/500	CSV: 2EE15C-2F398B-533BEH-XF1LP4-34MWNV-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



ORDENANZA N° 60

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. 2018

ADAPTACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS Á NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 20 DO TRLRFL QUE ESTARÁ VIXENTE A PARTIR DO 9 DE MARZO DE 2018 SEGUNDO O DISPOSTO NA LEI 9/2017 DE 8 DE NOVEMBRO DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Vigo establece a taxa por subministración de auga potable e servizos de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, á que se refiren os apartados letras r) e t) do número 4 do artigo 20 do citado RDL 2/2004, que se reixerá pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

Segundo o disposto nos artigos 142 e 31.3 da Constitución así como no artigo 105.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigos 2 e 20.6 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Vigo regula a prestación patrimonial de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable e servizos de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa a recepción dos servizos, que a continuación se detallan, prestados polo Concello de Vigo, en réxime de xestión indirecta, baixo a modalidade de concesión administrativa de servizo público.

- a) Subministración ou abastecemento de auga potable.
- b) Utilización das redes de sumidoiros e os servizos de saneamento e depuración de augas residuais.
- c) A realización ou execución de obras, a competencia das cales estea atribuída (con carácter exclusivo) á entidade concesionaria do

ARTIGO 2. OBXECTO DA CONTRAPRESTACIÓN

Constitúe o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público a recepción dos servizos, que a continuación se detallan, prestados polo Concello de Vigo, en réxime de xestión indirecta, baixo a modalidade de concesión administrativa de servizo público.



servizo.

d) En xeral, calquera outro servizo que sexa obxecto da presente Ordenanza e, sendo competencia da entidade local, teña carácter obrigatorio en virtude da disposición legal ou regulamentaria.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

1.- É suxeito pasivo, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que utilicen ou se beneficien dos servizos prestados, que forman parte do feito imponible deste tributo.

2.- Serán responsables solidarios ou subsidiarios das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas, consideradas para estes efectos segundo o disposto na Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

ARTIGO 4. BASE IMPOÑIBLE

A base imponible do tributo determinarase en función dos consumos efectivamente realizados polo contribuínte, e obterase mediante diferenza da lectura dos aforos rexistrados –no respectivo contador de medida- durante dous períodos impositivos consecutivos.

ARTIGO 5. TARIFAS

TARIFA I.- COTA DE ABOAMENTO

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, utilicen as redes de subministración de auga potable e/ou os servizos de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais.

A cota establecida neste epígrafe terá carácter fixo, liquidándose en períodos bimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

- Cota de aboamento ao servizo **3,80**
€/usuario/mes

TARIFA II.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE

ARTIGO 3. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

1.- É suxeito obrigado ao pagamento a persoa física ou xurídica que utilice ou se beneficie dos servizos prestados.

2.- Serán responsables subsidiarios do pagamento os propietarios dos inmobles nos que se presten os servizos.

ARTIGO 4. BASE DE CÁLCULO

A base de cálculo da prestación determinarase en función dos consumos efectivamente realizados polo usuario, e obterase mediante diferenza da lectura dos aforos rexistrados –no respectivo contador de medida- durante dous períodos de facturación consecutivos.

ARTIGO 5. TARIFAS

TARIFA II.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE



SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS

Na percepción da taxa pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles.

A) Uso doméstico:

De 0 a 30 m3	0,3848 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,5068 €/m3
Ídem de 50 ata 70 m3	0,5149 €/m3
Ídem de 70 ata 100 m3	0,8786 €/m3
Ídem de 100 ata 200 m3	0,8936 €/m3
Exceso de 200 m3	1,1687 €/m3

B) Uso non doméstico:

De 0 a 30 m3	0,7301 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	1,0694 €/m3
Ídem de 50 ata 70 m3	1,1026 €/m3
Ídem de 70 ata 200 m3	1,3382 €/m3
Ídem de 200 ata 500 m3	1,3802 €/m3
Exceso de 500 m3	1,4511 €/m3

TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS

Na percepción da taxa pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

A) Usos domésticos:

De 0 a 30 m3	0,4183 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,5429 €/m3
Ídem de 50 ata 70 m3	0,5494 €/m3
Ídem de 70 ata 100 m3	0,8480 €/m3
Ídem de 100 ata 200 m3	0,8567 €/m3
Exceso de 200 m3	0,9716 €/m3

B) Uso non doméstico:

De 0 a 30 m3	0,6526 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,8235 €/m3
Ídem de 50 ata 70 m3	0,8368 €/m3
Ídem de 70 ata 200 m3	1,0299 €/m3
Ídem de 200 ata 500 m3	1,1567 €/m3
Exceso de 500 m3	1,3324 €/m3

Para a confección da liquidación tributaria, en aplicación das tarifas establecidas nos epígrafes II e

SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS

Na percepción da contraprestación pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles.

TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS

Na percepción da contraprestación pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

Para a confección da liquidación, en aplicación das tarifas establecidas nos epígrafes II e III



Ill precedentes, teranse en conta as seguintes normas:

CONSUMO MÍNIMO.

O consumo mínimo que se lles deberá facturar aos usuarios non poderá ser inferior a 15 m³/mes.

FORMA DO CÁLCULO DO CONSUMO.

Como norma xeral a determinación do consumo que realice cada usuario concretarase mediante diferenza entre a lectura do contador de medida de dous períodos consecutivos de facturación.

CONEXIÓN OBRIGATORIA ÁS REDES DE SUBMINISTRACIÓN E SANEAMENTO.-

1. As vivendas, industrias e locais comerciais que se atopen situados a menos de 100m. Das redes de subministración de auga e saneamento deberán conectar obrigatoriamente a cada unha delas, previa a solicitude á entidade concesionaria do servizo. A dita obrigatoriedade subsistirá, limitándose a un servizo, no suposto de que sexa unha única rede (subministración ou saneamento) a que se atope dentro do límite máximo de 100m., ao que anteriormente se fixo referencia.

2. Exceptúanse da obrigatoriedade de conectar á rede de subministración de auga potable, segundo as condicións establecidas no parágrafo precedente, a todas as Comunidades de augas veciñais legalmente constituídas.

3. As vivendas, locais comerciais e industriais que dispoñan de subministración a través de Comunidades de augas veciñais e os titulares de actividades industriais, con sistema de captación debidamente autorizado, deberán instalar no prazo máximo de seis meses, contados a partir do seguinte á entrada en vigor desta Ordenanza fiscal, un contador de medida que permita a súa lectura e comprobación por parte da entidade concesionaria do servizo.

TARIFA IV.- EXECUCIÓN DE ORZAMENTOS DE ENGANCHE E PROLONGACIÓNS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO, CON CARGO AOS USUARIOS

precedentes, teranse en conta as seguintes normas:

3. As vivendas, locais comerciais e industriais que dispoñan de subministración a través de Comunidades de augas veciñais e os titulares de actividades industriais, con sistema de captación debidamente autorizado, deberán instalar no prazo máximo de seis meses, contados a partir do seguinte á entrada en vigor desta Ordenanza, un contador de medida que permita a súa lectura e comprobación por parte da entidade concesionaria do servizo.



1. Para a execución dos proxectos de enganche e prolongacións da rede existente, utilizarase o cadro de prezos unitarios, que se incorporará ao texto da Ordenanza Fiscal como anexo número I.

2. Os cadros dos prezos unitarios, anteriormente citados, inclúen as operacións correspondentes a mantemento, reparación e, no seu caso, substitución das acometidas de subministración de auga, que serán a cargo do concesionario do servizo.

3. Con respecto ás acometidas de saneamento ás obrigas asumidas polo concesionario limitaranse a limpeza das mesmas.

4. O concesionario, naqueles casos nos que a lonxitude da prolongación de rede afecte a varias fincas ademais de ao do solicitante, repercutirá sobre os futuros usuarios, que se vexan beneficiados por dita ampliación, a parte proporcional do custo do proxecto. O concesionario distribuirá os ingresos obtidos entre os abonados que o fixesen efectivo anteriormente, que irán deste xeito resarcíndose das cantidades asumidas, a medida que se incorporen novos solicitantes de acometidas a este tramo.

5. A obriga do concesionario fronte ao primeiro solicitante dunha prolongación e, de forma derivada, fronte a todos os demais que poidan incorporarse posteriormente, prescribirá aos cinco anos de efectuarse o pagamento desa primeira acometida.

6. O concesionario terá plena liberdade, sen que resulte de aplicación o previsto nos anteriores parágrafos, para conectar a esta instalación as acometidas xa existentes na zona ampliada.

TARIFA V.- COTAS UNIFICADAS DE ENGANCHE ÁS REDES, NAS QUE SE DISPOÑA DE ACOMETIDA, BEN POR SER REALIZADA POLA ENTIDADE CONCESIONARIA (PLAN DE INVESTIMENTOS), POLA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DIRECTAMENTE OU QUE A SÚA IMPLANTACIÓN SE DERIVE DUN PROXECTO FINANCIADO POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA OU OUTROS ORGANISMOS DE CARÁCTER PÚBLICO

1. Usos domésticos (unicamente vivendas unifamiliares):

- Abastecemento 450,7591 €
- Saneamento 1.051,7712 €

2. Usos industriais:

1. Para a execución dos proxectos de enganche e prolongacións da rede existente, utilizarase o cadro de prezos unitarios, que se incorporará ao texto da Ordenanza como anexo número I.



- Abastecemento 1.803,0363 €
- Saneamento 3.005,0605 €

Con respecto á regulación das cotas unificadas, recollidas neste epígrafe, estarase ao previsto no acordo adoptado polo Pleno da Corporación (sesión de data 13 de decembro de 1997), que se achega co expediente da Ordenanza Fiscal como anexo número II.

Con respecto á regulación das cotas unificadas, recollidas neste epígrafe, estarase ao previsto no acordo adoptado polo Pleno da Corporación (sesión de data 13 de decembro de 1997), que se achega co expediente da Ordenanza como anexo número II.

TARIFA VI.- FORMALIZACIÓN DE ALTA E SOLICITUDE DE ORZAMENTO

- Por cada formalización de alta (subministración /ou saneamento). 13,8533 €
- Por cada solicitude, toma de datos e confección de Orzamento de instalación de acometida ou rede de ampliación. 3,0051 €

TARIFA VII.- CONSUMOS ESPECIAIS

Por cada columna para a toma de auga en bocas de rego, con destino exclusivo a obras de pavimento ou urbanización de rúas e vías públicas, ou para usos similares. 60,1012 €

TARIFA VIII.- REPOSICIÓN DE SUBMINISTRACIÓNS

- Levantamento e reposición do contador de medida. 18,0304 €
- Apertura/peche chave macho. 18,0304 €
- Levantamento e reposición acometidas. 105,1771 €

TARIFA IX.- UTILIZACIÓN DE CONTADORES DE MEDIDA

A) Cota de alugamento: A cota de alugamento será o termo fixo 0,002278 multiplicado polo cadrado do diámetro do contador expresado en milímetros; é dicir, 0,002278. (Ø²) €/contador/mes. (Para contadores de ata 13 mm. a cota de alugamento será de 0,3850 €/contador/mes)

B) Adquisición:

Contador de 13 mm.	40,5258 €
Contador de 15 mm.	44,7611 €
Contador de 20 mm.	54,5416 €
Contador de 25 mm.	93,8938 €
Contador de 30 mm.	131,2899 €
Contador de 40 mm.	203,3063 €
Contador de 50 mm.	451,0195 €



Contador de 65 mm.	558,3454 €
Caixa de Rexistro, unidade	13,2705 €

A totalidade das tarifas, previstas neste artigo, non inclúen a cota tributaria, que resulte de aplicación á operación, en concepto do Imposto sobre o valor engadido (IVE).

ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA

A fixación ou determinación da cota tributaria deducirase a través da aplicación das seguintes regras:

- Prestación de servizos incluídos nos epígrafes II e III do artigo 5. A cota tributaria será resultado de aplicar á base imponible a correspondente tarifa unitaria.
- En todos os demais supostos, que dean orixe á exacción da taxa, a cota tributaria será coincidente coa tarifa prevista no citado artigo 5 desta Ordenanza fiscal.

ARTIGO 7. DEVINDICACION

Devíndicase a taxa e, en consecuencia, nace a obriga de contribuír, como norma xeral, no momento de solicitar a prestación do servizo ou cando se utilice este, caso dos supostos previstos nos epígrafes I, II, III e IX.A) do artigo 5.

ARTIGO 8. PERÍODO IMPOSITIVO

O período impositivo coincidirá co bimestre natural e a el referiranse as cotas tributarias dos servizos cunha prestación que orixine unha liquidación de carácter variable (consumo de abastecemento e saneamento).

ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN

1. A xestión, liquidación e recadación da taxa realizarase conforme á Lei xeral tributaria e restante normativa tributaria de aplicación. Corresponderán á entidade concesionaria do servizo, FCC AQUALIA, S.A. as operacións materiais de dita xestión, de conformidade co previsto no Prego de condicións que rexe esta

ARTIGO 6. COTA

A fixación ou determinación da cota a pagar deducirase a través da aplicación das seguintes regras:

- Prestación de servizos incluídos nos epígrafes II e III do artigo 5. A cota será resultado de aplicar á base de cálculo a correspondente tarifa unitaria.
- En todos os demais supostos, que dean orixe á obriga de pagamento, a cota será coincidente coa tarifa prevista no citado artigo 5 da presente Ordenanza.

ARTIGO 7. NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO

Nace a obriga de pagamento, como norma xeral, no momento de solicitar a prestación do servizo ou cando se utilice este, caso dos supostos previstos nos epígrafes I, II, III e IX.A) do artigo 5.

ARTIGO 8. PERÍODO DE FACTURACIÓN

O período de facturación coincidirá co bimestre natural e a el referiranse as cotas dos servizos cuxa prestación orixine unha liquidación de carácter variable (consumo de abastecemento e saneamento).

ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN

1. A xestión, liquidación e recadación desta prestación patrimonial de carácter público realizarase conforme ao disposto nesta Ordenanza e, con carácter supletorio, conforme ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral.



concesión.

2. Os padróns fiscais desta taxa serán obxecto de aprobación por resolución da Alcaldía.

3. A Xunta de Goberno Local tomará acordo previo á apertura de expedientes de cobranza vía de constrinximento, no caso en que fose procedente

ARTIGO 10. EXENCIONS

No relativo a exencións e bonificacións estarase ao disposto nos artigos 9 a 12 da Ordenanza fiscal Xeral do Concello de Vigo.

ARTIGO 11. COBRO DA TAXA

1. A entidade concesionaria do servizo procederá a efectuar a lectura de todos os contadores de medida dos usuarios do servizo no transcurso do período impositivo. Para tal efecto, e agás circunstancias excepcionais, a medición dos aforos dos beneficiarios do servizo realizarase de tal forma que permita a comparación de consumos dun período de 60 días.

2. O período voluntario de cobranza estenderase durante o prazo dos primeiros 15 días do bimestre natural seguinte á de lectura e comprobación de consumos.

ARTIGO 12. INFRACCIÓNS E SANCIONS

Para a cualificación das infraccións tributarias e das sancións que en cada caso procedan,

Corresponderán á entidade concesionaria do servizo, FCC AQUALIA, S.A. as operacións materiais de dita xestión, de conformidade co previsto no Prego de condicións que rexe esta concesión.

2. As liquidacións practicadas en virtude desta Ordenanza serán obxecto de aprobación por resolución da Alcaldía.

ARTIGO 11. COBRO DA PRESTACIÓN

1. A entidade concesionaria do servizo procederá a efectuar a lectura de todos os contadores de medida dos usuarios do servizo no transcurso do período de facturación. Para tal efecto, e agás circunstancias excepcionais, a medición dos aforos dos beneficiarios do servizo realizarase de tal forma que permita a comparación de consumos dun período de 60 días.

ARTIGO 12. REVISIÓN DE ACTOS, INFRACCIÓNS E SANCIONS

De conformidade co artigo 14.2 do TRLRFL, contra os actos ditados en aplicación da presente Ordenanza procederá o recurso de reposición no prazo dun mes contado dende a finalización do período voluntario de cobranza.

Para cualificación das infraccións e das



estarase ao previsto na vixente Lei xeral tributaria.

Sen prexuízo do exposto no apartado precedente, a entidade concesionaria poderá exercitar as facultades outorgadas na cláusula 70 do prego de condicións administrativas que rexeu o concurso así como as establecidas no artigo 66 do Regulamento do servizo municipal de abastecemento de augas e saneamento (aprobado polo Pleno Corporativo en sesión do 27 de xaneiro de 1993), tras as autorizacións administrativas oportunas.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

sancións que en cada caso procedan estarase a lo previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e na Lei de bases de réxime local.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.



D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 1 de febreiro de 2018** adoptou o seguinte acordo:

2.- ADAPTACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS Á NOVA REDACCIÓN DO ART. 20 DO TRLRFL, VIXENTE A PARTIR DO 9/03/18 SEGUNDO O DISPOSTO NA LEI 9/2017 DE 8 DE NOVEMBRO DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO". EXPTE. 2436/500.

Vísto o informe xurídico do 19/12/17, dáse conta do informe-proposta do 26/01/18, asinado pola xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos, o interventor xeral municipal e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Adaptación do texto da Ordenanza Fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais á nova redacción do artigo 20 do TRLRFL que estará vixente a partir do 9 de marzo de 2018 segundo o disposto na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público".

A Lei 9/2017 de 9 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao Ordenamento Interno as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 ten introducido un cambio na "natureza" da contraprestación que pagan os usuarios pola prestación dun servizo público prestado en réxime de concesión administrativa.

Ata o presente e dende o 1 de xaneiro de 1999, o Concello de Vigo ten aprobado, baixo a natureza xurídica de taxa, a contraprestación polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais seguindo, primeiro a sentenza do Tribunal Constitucional 185/1995 e logo, a Lei xeral tributaria 58/2003 de 17 de decembro, así como sucesivas sentenzas do Tribunal Supremo.

Sen embargo, compre sinalar que a Sentenza do Tribunal Constitucional 185/1995, ao analizar o concepto constitucional de "prestación patrimonial de carácter público" do artigo 31.3 da Constitución, sinalou que aquela é "toda prestación coactiva que se esixe ao cidadán cando este pretenda acceder a un servizo vital, obrigatorio ou ao uso do dominio público". Engadiu que os tributos eran unha manifestación das "prestacións patrimoniais de carácter público" pero non a única.

Esta é a tese que recolle o lexislador no ano 2017 para regular de forma clara e inequívoca que "as contraprestacións que abona o usuario a un concesionario ou empresa privada que presta un servizo son "tarifas". Se o servizo é coactivo, como é o caso presente, estas terán a natureza de "prestacións patrimoniais de carácter público pero non tributarias".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 12:36	Páxina 1 de 6
Expediente 2436/500	CSV: 2EE65A-263586-533A8A-1SF4FP-2FPKT1-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

Coa finalidade de precisar o concepto de “prestación patrimonial de carácter público de natureza non tributaria” as disposicións finais novena, undécima e duodécima da Lei 9/2017 de CSP, modifican tres normas legais de natureza tributaria: Lei de taxas e prezos públicos, Lei xeral tributaria e Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Incorporárase, ademais unha Disposición Adicional cuadraxésima terceira, cuxo único contido é fixar a natureza das contraprestacións económicas pola explotación de obras públicas ou a prestación de servizos públicos en réxime de dereito privado.

No relativo ao que afecta directamente á vixente “Ordenanza fiscal de taxas pola subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais”, en tanto que estes servizos son esenciais, obrigatorios e son prestados en réxime de concesión administrativa, reproducimos a continuación o tenor literal do novo apartado 6 do artigo 20 do TRLRFL, que entrará en vigor o próximo 9 de marzo de 2017.

“6. Las contraprestaciones económicas establecidas coactivamente que se perciban por la prestación de los servicios públicos a que se refiere el apartado 4 de este artículo, realizada de forma directa mediante personificación privada o mediante gestión indirecta, tendrán la condición de prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario conforme a lo previsto en el artículo 31.3 de la Constitución.

En concreto, tendrán tal consideración aquellas exigidas por la explotación de obras o la prestación de servicios, en régimen de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariales, sociedades de capital íntegramente público y demás fórmulas de Derecho privado.

Sin perjuicio de lo establecido en el artículo 103 de la Ley de Contratos del Sector Público, sobre la procedencia y límites de la revisión de precios, las contraprestaciones económicas a que se refiere este apartado se regularán mediante ordenanza. Durante el procedimiento de aprobación de dicha ordenanza las entidades locales solicitarán informe preceptivo de aquellas Administraciones Públicas a las que el ordenamiento jurídico les atribuyera alguna facultad de intervención sobre las mismas”.

Segundo o anterior esta Dirección de Ingresos ten elaborado unha adaptación do texto vixente da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola subministración de auga potable, rede sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, ao disposto no artigo 20.6 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, que entrará en vigor o próximo 9 de marzo de 2018.

A adaptación límitase ao cambio na denominación da “contraprestación” e a substitución de determinados conceptos tributarios como feito impositivo e base impositiva por outros acordos coa natureza non tributaria da “prestación patrimonial de carácter público”.

Conforme ao disposto no artigo 2 do TRLRFL e artigo 2 da Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, ao ser unha “prestación de dereito público” no relativo aos procedementos de xestión, liquidación e recadación non expresamente regulados na presente Ordenanza, será de aplicación o regulado na citada Ordenanza Fiscal Xeral.

Informe sobre o impacto de xénero.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 12:36	Páxina 2 de 6
Expediente 2436/500	CSV: 2EE65A-263586-533A8A-1SF4FP-2FPKT1-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de bases de réxime local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO :

1º) Aprobar a seguinte:

“ADAPTACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS Á NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 20 DO TRLRFL QUE ESTARÁ VIXENTE A PARTIR DO 9 DE MARZO DE 2018 SEGUNDO O DISPOSTO NA LEI 9/2017 DE 8 DE NOVEMBRO DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO”

O Artigo 1 quedará redactado como segue:

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

Segundo o disposto nos artigos 142 e 31.3 da Constitución así como no artigo 105.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, artigos 2 e 20.6 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Vigo regula a prestación patrimonial de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable e servizos de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

O parágrafo 1 e o título do Artigo 2 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 2. OBXECTO DA CONTRAPRESTACIÓN

Constitúe o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público a recepción dos servizos, que a continuación se detallan, prestados polo Concello de Vigo, en réxime de xestión indirecta, baixo a modalidade de concesión administrativa de servizo público.

Os Artigos 3 e 4 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 3. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

- 1.- É suxeito obrigado ao pagamento a persoa física ou xurídica que utilice ou se beneficie dos servizos prestados.
- 2.- Serán responsables subsidiarios do pagamento os propietarios dos inmobles nos que se presten os servizos.

ARTIGO 4. BASE DE CÁLCULO

A base de cálculo da prestación determinarase en función dos consumos efectivamente realizados polo usuario, e obterase mediante diferenza da lectura dos aforos rexistrados – no respectivo contador de medida- durante dous períodos de facturación consecutivos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 12:36	Páxina 3 de 6
Expediente 2436/500	CSV: 2EE65A-263586-533A8A-1SF4FP-2FPKT1-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

No artigo 5, quedarán redactados como segue: o parágrafo primeiro da Tarifa II, os parágrafos primeiro e cuarto e o punto 3 da Tarifa III; o punto 1 da Tarifa IV e o último parágrafo da tarifa V.

ARTIGO 5.TARIFAS

TARIFA II.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS

Na percepción da contraprestación pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles.

TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS

Na percepción da contraprestación pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

Para a confección da liquidación, en aplicación das tarifas establecidas nos epígrafes II e III precedentes, teranse en conta as seguintes normas:

3. As vivendas, locais comerciais e industriais que dispoñan de subministración a través de Comunidades de augas veciñais e os titulares de actividades industriais, con sistema de captación debidamente autorizado, deberán instalar no prazo máximo de seis meses, contados a partir do seguinte á entrada en vigor desta Ordenanza, un contador de medida que permita a súa lectura e comprobación por parte da entidade concesionaria do servizo.

TARIFA IV

1. Para a execución dos proxectos de enganche e prolongacións da rede existente, utilizarase o cadro de prezos unitarios, que se incorporará ao texto da Ordenanza como anexo número I.

TARIFA V

Con respecto á regulación das cotas unificadas, recollidas neste epígrafe, estarase ao previsto no acordo adoptado polo Pleno da Corporación (sesión de data 13 de decembro de 1997), que se achega co expediente da Ordenanza como anexo número II.

Os Artigos 6, 7 8 e 9 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 6. COTA

A fixación ou determinación da cota a pagar deducirase a través da aplicación das seguintes regras:

- Prestación de servizos incluídos nos epígrafes II e III do artigo 5. A cota será resultado de aplicar á base de cálculo a correspondente tarifa unitaria.
- En todos os demais supostos, que dean orixe á obriga de pagamento, a cota será coincidente coa tarifa prevista no citado artigo 5 da presente Ordenanza.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:36

Páxina 4 de 6

Expediente 2436/500

CSV: 2EE65A-263586-533A8A-1SF4FP-2FPKT1-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



ARTIGO 7. NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO

Nace a obriga de pagamento, como norma xeral, no momento de solicitar a prestación do servizo ou cando se utilice este, caso dos supostos previstos nos epígrafes I, II, III e IX.A) do artigo 5.

ARTIGO 8. PERÍODO DE FACTURACIÓN

O período de facturación coincidirá co bimestre natural e a el referiranse as cotas dos servizos cuxa prestación orixine unha liquidación de carácter variable (consumo de abastecemento e saneamento).

ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN

1. A xestión, liquidación e recadación desta prestación patrimonial de carácter público realízase conforme ao disposto nesta Ordenanza e, con carácter supletorio, conforme ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral. Corresponderán á entidade concesionaria do servizo, FCC AQUALIA, S.A. as operacións materiais de dita xestión, de conformidade co previsto no Prego de condicións que rexe esta concesión.

2. As liquidacións practicadas en virtude desta Ordenanza serán obxecto de aprobación por resolución da Alcaldía.

O primeiro parágrafo do Artigo 11 e o seu título quedarán redactados como segue:

ARTIGO 11. COBRO DA PRESTACIÓN

1. A entidade concesionaria do servizo procederá a efectuar a lectura de todos os contadores de medida dos usuarios do servizo no transcurso do período de facturación. Para tal efecto, e agás circunstancias excepcionais, a medición dos aforos dos beneficiarios do servizo realizarase de tal forma que permita a comparación de consumos dun período de 60 días.

O Artigo 12 e a Disposición Final quedarán redactados como segue:

ARTIGO 12. REVISIÓN DE ACTOS, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

De conformidade co artigo 14.2 do TRLRFL, contra os actos ditados en aplicación da presente Ordenanza procederá o recurso de reposición no prazo dun mes contado dende a finalización do período voluntario de cobranza.

Para cualificación das infraccións e das sancións que en cada caso procedan estarase a lo previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e na Lei de bases de réxime local.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:36

Páxina 5 de 6

Expediente 2436/500

CSV: 2EE65A-263586-533A8A-1SF4FP-2FPKT1-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

2º) Aprobación inicial en sesión plenaria previo ditame pola Comisión Informativa de Facenda, co correspondente trámite de audiencia para emendas segundo o Regulamento Orgánico do Pleno.

3º) Someter a información pública e audiencia aos interesados por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia.

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

5º) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.


Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 12:36	Páxina 6 de 6
	Expediente 2436/500	CSV: 2EE65A-263586-533A8A-1SF4FP-2FPKT1-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo-Secretaría Xeral

INFORME

Asunto. Adaptación do texto da Ordenanza fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais á nova redacción do artigo 20.6 do TRLFL. (Expediente 2436/500).

Lexislación aplicable.

CE. Constitución Española 1978.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TRLRFL. Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

LCSP. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

RDFHN. Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

ROMPV. Regulamento Orgánico Municipal do Pleno de Concello de Vigo. BOP 15.06.2016.

Antecedentes.

I. Con data 1.02.2018 a Xunta de Goberno Local ao amparo do sinalado no artigo 127.1.a) da LBRL e de conformidade coa proposta de data 26.01.18 asinada pola xefa do Servizo de Inspección de Tributos e pola directora de Ingresos, ten adoptado acordo no que se aproba o proxecto de modificación dos artigos 1, 2, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 11 e 12 da Ordenanza Fiscal das Taxas polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais co obxecto da súa adaptación o artigo 20.6 do TRLFL.

A proposta tamén modifica a Disposición final da Ordenanza advertindo que entrará en vigor o día da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.



II. Con data de 03.08.2018 remítese á Secretaría xeral do Pleno o Expediente para o trámite de posta de manifesto segundo o artigo 76 do ROP. O precepto citado, no seu apartado 4. sinala, “O secretario xeral do Pleno comunicará aos Voceiros dos grupos municipais a existencia dun proxecto de norma e a apertura dun prazo de seis días ao obxecto presenten emendas ao texto”.

Previamente á comunicación sinalada esta Secretaría xeral, na súa función reservada de asesoramento legal preceptivo prevista no artigo 3.3.d)1º do RDFHN respecto da aprobación e modificación de Ordenanzas e Regulamentos, debe emitir o correspondente informe; cumprimentando tal atribución emítese o seguinte,

INFORME

I. Como indica o informe-proposta o TRLRFL e a LCSP teñen introducido un cambio na natureza da contraprestación que pagan os usuarios pola prestación dun servizo público obrigatorio subministrado en réxime de concesión; neste sentido o artigo 289 LCSP, sinala,

“1. O concesionario ten dereito ás contraprestacións económicas previstas no contrato, entre as que incluíranse, para facer efectivo o seu dereito á explotación do servizo, unha retribución fixada en función da súa utilización que percibirase directamente dos usuarios ou da propia Administración.

2. As contraprestacións económicas pactadas, denominaranse tarifas e terán a natureza de prestación patrimonial de carácter público non tributario ...”.

A Disposición adicional cuadraxésima terceira da mesma norma reitera á natureza xurídica das contraprestacións *“As contraprestacións económicas establecidas coactivamente que se perciban pola ... prestación de servizos públicos, de forma directa mediante personificación privada ou xestión indirecta, terán a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario conforme o previsto no artigo 31.3 da Constitución.*

En concreto, terán tal consideración aquelas esixidas pola ... prestación de servizos, en réxime de concesión , mediante sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariais, sociedades de capital integramente público e demais fórmulas de dereito privado.”

En similar sentido se pronuncia o novo apartado 6 do artigo 20 do TRLFL. Este precepto advirte que estas contraprestacións económicas regularanse mediante “ordenanza” e que no procedemento de aprobación de tal “ordenanza” as entidades locais solicitarán informe preceptivo daquelas Administracións Públicas ás que o ordenamento xurídico lles atribúa algunha facultade de intervención sobre as mesmas.

Cabe entender que desde a entrada en vigor desta reforma as contraprestacións esixidas por servizos públicos locais coactivos serán “taxas” se son prestadas mediante xestión directa (organismo autónomo ou xestión non personificada), e serán “prestacións patrimoniais de carácter público non tributario” se se prestan



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:36

Páxina 2 de 5

Expediente 2436/500

CSV: 22E65B-2D3284-5A35DH-TTVCKE-7T6L39-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

de forma directa mediante personificación privada (sociedade anónima de capital integramente público) ou mediante xestión indirecta (concesión).

A contraprestación do usuario deriva do “contrato” suscrito para acceder o servizo, polo que a “tarifa” é un ingreso propio do concesionario para equilibrar o custe da súa xestión coa particularidade de que o seu importe o determina a Administración Pública titular do servizo público, sendo esta potestade tarifaria distinta da potestade tributaria.

A “ordenanza” mencionada no artigo 20.6 do TRLFL carece de carácter fiscal dado que, en esencia, non estamos ante unha taxa ou “tributo”, non obstante as denominadas *prestacións patrimoniais públicas* comparten cos tributos a idea de coactividade e de obrigatoriedade posto que constitúen prestacións impostas o cidadá respecto aqueles servizos obrigatorios prestados en réxime de monopolio, artigos 25.2.c); 26.2.b) e 86.2 LBRL no caso do ciclo da auga.

Que a “ordenanza” non teña carácter fiscal non implica que o procedemento de exacción da prestación (tarifa) non deba ser regulado establecendo, entre outros aspectos, o réxime de obrigados ao pago; a base de cálculo da prestación; o importe das tarifas; a cota a pagar; o nacemento da obriga de pagamento; o período de facturación e outras normas de xestión. En definitiva, o proxecto do Ordenanza leva a cabo as necesarias adaptacións técnicas e lexislativas que son mera consecuencia da nova natureza xurídica da prestación.

O ordenamento xurídico vixente non outorga nin á Administración do Estado, nin á Administración Autonómica ningunha facultade de autorización respecto do importe das “tarifas” dos servizos públicos obrigatorios de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais; unha “tarifa” que, no caso de concesión, variará en función do contido do contrato suscrito por cada Administración municipal e das obrigas asumidas polo concesionario polo que dificilmente o seu importe pode ter consideración desde unha visión de “política de prezos”. En calquera caso, no Expediente que nos ocupa a Ordenanza é, como se ten dito, mera adaptación ao sinalado na LCSP e no TRLFL polo que o importe das “tarifas” permanece inalterable, cambia a denominación do ingreso a realizar.

II. No Plan Normativo para o ano 2018, aprobado polo Pleno en sesión de data 29.11.2017, excluíanse as Ordenanzas Fiscais e as súas modificacións; cabe entender que tamén resultaron excluídas as “ordenanzas” reguladoras das *prestacións patrimoniais de carácter público*, esta exclusión xustificárase na Memoria anual do Análise de Impacto Normativo.

Non se realizou trámite de consultas en virtude do sinalado no artigo 133.4 da LPAC.

III. Tramitación. Aprobado anteproxecto pola Xunta de Goberno Local, artigo 127.1.a) LBRL, o Expediente e o seu proxecto de modificación, remitírase aos Voceiros dos grupos políticos municipais ao obxecto de que presenten ante o Rexistro xeral do Pleno emendas no prazo de seis días, artigos 76.4 e 77.1 ROMPV; informadas as emendas polo Servizo redactor da Ordenanza, a proposta



de acordo que resulte será ditaminada pola Comisión Informativa que corresponda (Comisión Informativa de Facenda), artigo 122.4.a) LBRL; o ditame resultante, sen mais trámite, será elevado, no seu caso, ao Pleno para a súa aprobación inicial/provisional, artigo 123.1.d) LBRL (maioría simple); no mesmo acordo determinarase, mediante anuncio, a publicación do acordo na web municipal, no BOP, no taboleiro municipal de edictos e nun diario dos de maior difusión na provincia e a apertura dun período de 30 días de información (exposición) pública dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que estimen oportunas, artigo 49 LBRL e artigos 17.1. e 17.2 do TRLRFL, de aplicación analóxica; o anuncio sinalará o lugar de exhibición do Expediente, debendo estar en todo caso a disposición das persoas que o soliciten a través de medios electrónicos na sede electrónica (web municipal) do Concello, artigo 83.2 LPAC; de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo provisional sen necesidade de novo acordo plenario, artigo 49 LBRL e artigo 17.3 TRLRFL, inciso final. O acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza modificada publicarase no BOP, artigo 70.2 LBRL, sen que entre en vigor ata a súa publicación e teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2, da LBRL, é dicir, quince días desde que a Administración do Estado o a Administración da Comunidade Autónoma reciban a comunicación do acordo aprobatorio.

IV. Infórmase favorablemente a adaptación do texto da Ordenanza fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais á nova redacción do artigo 20.6 do TRLFL.

O secretario xeral do Pleno
José Riesgo Boluda

Data e sinatura dixital



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 12:36	Páxina 4 de 5
Expediente 2436/500	CSV: 22E65B-2D3284-5A35DH-TTVCKE-7T6L39-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:36

Páxina 5 de 5

Expediente 2436/500

CSV: 22E65B-2D3284-5A35DH-TTVCKE-7T6L39-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

INFORME

Asunto. Ampliación do informe emitido en data 3.08.2018 en relación cos proxectos de Ordenanzas que adaptan a Ordenanza fiscal das Taxas por subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais e a Ordenanza fiscal das Taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos o novo artigo 20.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. (Expedientes 2436/500 e 2437/500)

Legislación aplicable.

R.D. 2695/1977. Real Decreto 2695/1977, de 28 de outubro, sobre normativa de prezos.

CE. Constitución Española 1978.

R.D. 1634/1980. Real Decreto 1634/1980, de 31 de xullo, sobre transferencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de traballo, industria, comercio, sanidade, cultura e pesca.

D. 106/1984. Decreto 106/1984, de 29 de maio, polo que se modifica e regula a composición e funcións da Comisión de Prezos de Galicia.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Orde 26.02.1993. Orde de 26 de febreiro de 1993 pola que se modifica o réxime de prezos de determinados bens e servizos e se derroga a Orde de 23 de decembro de 1987.

R.D-Lei 7/1996. Real Decreto-Lei 7/1996, de 7 de xuño, sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica.

TRLRFL. Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

LCSP. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.



Antecedentes. En data de 3.08.2018 esta Secretaría xeral do Pleno ten realizado informe preceptivo relativo os proxectos de Ordenanzas que adaptan a Ordenanza fiscal de Taxa por subministro de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais e a Ordenanza fiscal das Taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos, o novo artigo 20.6 do TRLRFL; procede ampliar o informe emitido, a tales efectos emítese o seguinte,

INFORME

I. Os parágrafos primeiro e terceiro do novo artigo 20.6 do TRLFL, introducidos polo Disposición adicional duodécima da LCSP sinalan,

“(...) as contraprestacións económicas establecidas coactivamente que se perciban pola prestación dos servizos públicos a que se refire o apartado 4 deste artigo, realizada de forma directa mediante personificación privada ou mediante xestión indirecta, terán a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario (...)”

“(...) as contraprestacións económicas a que se refire este apartado regularanse mediante ordenanza. Durante o procedemento de aprobación de dita ordenanza as entidades locais solicitarán informe preceptivo daquelas Administracións Públicas ás que o ordenamento xurídico lles atribúa algunha facultade de intervención sobre as mesmas (...)”

No apartado 4 o epígrafe r) refírese aos servizos de rede de sumidoiros e de tratamento e depuración de augas residuais; o epígrafe t) refírese o servizo distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores; servizos de prestación obrigatoria por mor do sinalado no artigo 26.1.a) da LBRL e, en consecuencia, de recepción forzosa e de contraprestación coactiva.

A redacción do artigo 20.6 conclúe o debate sobre a natureza xurídica das contraprestacións que satisfacen aos destinatarios do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, non obstante é confuso no procedemento a seguir.

O ordenamento xurídico non atribúe á Administración do Estado, nin ás Administracións das Comunidades Autónomas ningunha “*facultade de intervención*” sobre as ordenanzas, é dicir, sobre a potestade regulamentaria local (artigo 4.1.a LBRL), estas Administracións non poden intervir nin anular actos das Entidades Locais; o control desta potestade é xurisdiccional sen prexuízo de que tales Administracións, caso de que entendan que as ordenanzas ou regulamentos locais infrinxen o ordenamento no ámbito das súas competencias, instrumenten os mecanismos do artigo 65 da LBRL (requirimento de anulación e posterior impugnación ante a xurisdición contenciosa, ou impugnación directa ante dita xurisdición). Desde a literalidade do artigo 20.6 do TRLFL non procede



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:36

Páxina 2 de 6

Expediente 2436/500

CSV: 2AE25C-213A85-5247A4-93DRE4-7V4A7R-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

solicitar o “*informe preceptivo*” que nel se menciona dado que sobre as ordenanzas locais non existen “*facultade de intervención*”.

II. Sen prexuízo do exposto cabe preguntarse se a “*facultade de intervención*” que menciona o artigo 20.6 refírese, non a ordenanza en si -que, como temos exposto, non está suxeita á intervención doutras Administracións-, senón o “contido” de tal ordenanza.

Neste “contido” atópase a determinación das “tarifas” (contraprestacións económicas do usuario).

As prestacións patrimoniais de carácter público non tributario atópanse suxeitas á reserva legal que establece o artigo 31.3 da CE¹, unha reserva que, en virtude da habilitación que leva a cabo o artigo 20.6 do TRLFL, debe materializarse (en todos os seus elementos) a través dunha ordenanza municipal na medida en que é unha norma aprobada polo Pleno do Concello na súa condición de órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal, artigo 122.1 LBRL.

A ordenanza que menciona o artigo 20.6, na súa condición de norma xurídica regulamentaria, ten que ser acabada e completa, é dicir, debe contemplar todos, ou polo menos os aspectos mais relevantes da prestación a esixir, tales como: “presuposto de feito da prestación patrimonial”; “persoas obrigadas ao pago”; “tarifas”; “periodicidade da facturación e devengo da obriga de pago”; “infraccións e sancións” ...etc.

Dos elementos mencionados as “tarifas” atópanse suxeitas a unha concreta “*facultade de intervención*” que ten o súa orixe no afastado Real Decreto 2695/1977, Anexo 3.A.1., que concibe o prezo do servizo de auga (abastecemento a poboacións) como “*prezo autorizado a nivel provincial*”.

O artigo 23.1 do R.D. 1634/1980 transferiu á Xunta de Galicia as competencias do R.D. 2695/1977 sobre as Comisións Provinciais de Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra no que se refire a réximes de prezos autorizados e comunicados de ámbito provincial; aos efectos citados o R.D. creou a “*Comisión de Prezos de Galicia*”, dependente da Xunta de Galicia.

Ao amparo do sinalado nos artigos 9 e 20 do R.D. 2695/1977 a Orde 26.02.1993² modificou a relación de bens e servizos do Anexo 3 do R.D.

¹Artigo 31.3 CE. “*Só poderán establecerse prestacións persoais ou patrimoniais de carácter público con arranxo á lei*”. As prestacións patrimoniais de carácter público son aquelas impostas coactivamente, isto é, derivadas dunha obriga de pago establecida unilateralmente polo poder público «*sen o concurso da vontade do suxeito chamado a satisfacela*», sempre que, o mesmo tempo, «*a prestación, con independencia da condición pública ou privada de quen a percibe, teña una inequívoca finalidade de interese público*». Cualificada unha determinada prestación como patrimonial de carácter público, ademais, terá natureza tributaria se, coactivamente imposta, «*se satisface, directa o indirectamente, aos entes públicos coa finalidade de contribuír ao sostemento dos gastos públicos*» (TC S. 167/2016). Que a prestación non teña carácter tributario exclúe que deba analizarse á luz dos principios do artigo 31.1 CE, igualdade e progresividade (TC S. 167/2016).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:36

Páxina 3 de 6

Expediente 2436/500

CSV: 2AE25C-213A85-5247A4-93DRE4-7V4A7R-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

2695/1977 mantendo o servizo da auga (abastecemento a poboacións) como “prezo autorizado a nivel provincial”.

A relación vixente de “prezos autorizados” atópase no R.D-Lei 7/1996, esta norma, desde unha visión de liberalización económica, obviou o réxime de “prezos comunicados” e os niveis provinciais de autorización sinalando no Anexo 1 unha exigua relación “prezos autorizados de ámbito nacional” e no Anexo 2 unha moi reducida relación de “prezos autorizados de ámbito autonómico”

O Anexo 2 menciona os seguintes “prezos de ámbito autonómico”

1. Auga (abastecemento a poboacións).
2. Transporte urbano de viaxeiros.
3. Compañías ferroviarias de ámbito autonómico.
4. Auga de regadío nas illas Canarias.

Do exposto dedúcese que non nas ordenanzas reguladoras, pero si na “tarifa” que determine a ordenanza que regule a prestación patrimonial de carácter público do servizo de abastecemento de auga a poboacións, existe unha “*facultade de intervención*” da Administración Autonómica, que na Xunta de Galicia materializase a través da denominada *Comisión de Prezos de Galicia* creada polo R.D. 1634/1980 e regulada no Decreto 106/1984.

III. O lexislador de 2017 (ano de aprobación da LCSP que introduciu no TRLFL o artigo 20.6 no TRLFL) ten mudado a intervención das Comisións de Prezos³ nas tarifas (prezos) dos servizos públicos municipais suxeitos a autorización (abastecemento de auga a poboacións e transporte urbano de viaxeiros) reconvertendo a “*autorización*” prevista no RD-Lei 7/1996 nun “*informe preceptivo*” e non vinculante⁴ a emitir no seo do procedemento de aprobación da Ordenanza que determine as “*tarifas*”, unha intervención mais acorde coa autonomía local constitucionalmente garantida, artigo 139 CE, na medida que non condiciona o exercicio da potestade regulamentaria

2 A Orde de 26.02.1993 suprimiu como “prezo autorizado a nivel provincial” os prezos dos Taxis.

3A Comisión de Prezos en Galicia atópase regulada no Decreto 106/1984, de 24 de maio. O Decreto concreta a composición da Comisión (30 membros); indica que a Dirección Xeral de Comercio exercerá as funcións do artigo 23 do R.D. 1634/1980 a proposta da Comisión, advertindo que a proposta non será vinculante e sinala que a Comisión reunirse con carácter ordinario unha vez cada tres meses.

4Artigo 80.1 LPAC, “Salvo disposición expresa en contrario, os informes serán ... non vinculantes”; artigo 80.2, “Os informes serán emitidos a través de medios electrónicos e de acordo cos requisitos que sinala o artigo 26 no prazo de dez días ...”



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:36

Páxina 4 de 6

Expediente 2436/500

CSV: 2AE25C-213A85-5247A4-93DRE4-7V4A7R-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

e tarifaria dos entes locais⁵, tampouco a liberdade que ostentan os entes locais para determinar a contraprestación económica que, dos usuarios do servizo, deben percibir os adxudicatarios dos contratos de concesión de servizos para equilibrar financeiramente as distintas obrigas que contractualmente asumen en cada Concello.

IV. Sen prexuízo do exposto o proxecto de ordenanza que se somete á aprobación do Pleno é, como nela se indica, unha mera “adaptación” da ordenanza fiscal da taxa actualmente vixente.

En efecto, a nova ordenanza non establece “*ex novo*” o importe dunha “tarifa”, nin aínda menos modifica o alza dito importe que, en todos os casos (subministro, enganches, saneamento, depuración ...), permanece inalterable, co idéntico importe en euros; o que fai é obviar distintos conceptos tributarios do que era unha “taxa” (feito impositivo, suxeito pasivo, base impositiva, cota tributaria, período impositivo ...) ao fin de adaptalos/acomodalos os elementos da nova natureza xurídica do pago a realizar polo o usuario do servizo, “prestación patrimonial de carácter público” (“presuposto de feito da prestación patrimonial”; “persoas obrigadas ao pago”; “tarifas”; “periodicidade da facturación e devengo da obriga de pago”). En definitiva, é un obrigado axuste formal de estrito contido técnico-xurídico o obxecto de outorgar axeitado soporte normativo o pago que realiza o usuario. É mais, o artigo 16.2 do R.D-Lei 7/1996 indica, “As modificacións de prezos solicitadas valoraranse tendo en conta a evolución dos custes do sector ...”; e reiteramos, na ordenanza que se somete a aprobación non existe “modificación de prezos” (tarifas) polo que pouco se pode “solicitar” (autorizar) -neste caso, “informar”- pola Administración Autónoma.

V. O indicado é razón suficiente para considerar que, nunha mera adaptación técnica, non resulta obrigado un “informe preceptivo” da Comisión de Prezos de Galicia respecto das tarifas⁶ que, por subministro de auga potable, constan na ordenanza pois estas permanecen vixentes polo que en nada afectan á evolución da economía en xeral, á política de prezos, o custo da vida, nin á inflación, razón de ser da “facultade de intervención” das Comisións de Prezos previstas no R.D. 2695/1977, segundo indica a exposición de motivos do R.D., unha intervención que agora se manifesta no “informe preceptivo” mencionado no artigo 20.6 do TRLFL.

⁵Neste mesmo sentido Joaquin Tornos Más, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Barcelona, no estudo “A tarifa como contraprestación que pagan os usuarios no contrato de concesión de servizos da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público”. Instituto Nacional de Administración Pública, INAP, Estudos e Comentarios 21.12.2017.

⁶ Como se ten exposto, en virtude do sinalado no Anexo 2 do Real Decreto-Lei 5/1997, a “facultade de intervención” é sobre a tarifa da auga (abastecemento a poboacións), non sobre outros servizos e tarifas do ciclo da auga como son os “enganches”; o servizo de rede de sumidoiros; a depuración de augas residuais; os consumos especiais ou a utilización de contadores de medida; sobre estas tarifas non cabe solicitar informe.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:36

Páxina 5 de 6

Expediente 2436/500

CSV: 2AE25C-213A85-5247A4-93DRE4-7V4A7R-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

VI. Sen prexuízo do exposto, co obxecto de conseguir a plena seguridade xurídica no acordo a adoptar, e co exclusivo fin de evitar unha posible litixiosidade por parte da Administración Autonómica, resulta prudente que na parte dispositiva do acordo de aprobación inicial da Ordenanza que adapta a Ordenanza fiscal da Taxa por subministro de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais o novo artigo 20.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, inclúase un novo apartado co seguinte contido,

“Remitir o presente acordo á Comisión de Prezos da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Comercio) ao obxecto de que, en relación coas tarifas de subministro de auga que constan na ordenanza aprobada inicialmente (artigo 5, tarifa I e tarifa II), proceda a emitir o informe preceptivo e non vinculante que sinala o artigo 20.6 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, facendo constar que o importe de tales tarifas permanece inalterable en relación coa vixente ordenanza fiscal da taxa”.

VII. Polo que se refire á adaptación da ordenanza fiscal das Taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos o novo artigo 20.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (prestación patrimonial de carácter público), cabe manifestar que conforme o Anexo 2 do R.D-Lei 7/1996 non existe respecto deste servizo ningunha *“facultade de intervención”* da Administración Estatal o da Administración Autonómica (Xunta de Galicia) polo que non procede instrumentar, nin sequera cauteladamente, a solicitude de informe preceptivo que menciona o artigo 20.6 do TRLRFL.

O secretario xeral do Pleno
José Riesgo Boluda

Data e sinatura dixital



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:36

Páxina 6 de 6

Expediente 2436/500

CSV: 2AE25C-213A85-5247A4-93DRE4-7V4A7R-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

JOSE RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORZAMENTOS E FACENDA,

CERTIFICO: Que a Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión ordinaria do 30 de agosto de 2018, ditaminou a seguinte proposta:

7.- DITAME SOBRE A APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE ADAPTACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS Á NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 20.6. DO TRLRFL EXPTE: 2436/500. (1829/1101)

No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 25.01.2018 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Adaptación do texto da Ordenanza Fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais á nova redacción do artigo 20 do TRLRFL que estará vixente a partir do 9 de marzo de 2018 segundo o disposto na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público”.

A Lei 9/2017 de 9 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao Ordenamento Interno as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 ten introducido un cambio na “natureza” da contraprestación que pagan os usuarios pola prestación dun servizo público prestado en réxime de concesión administrativa.

Ata o presente e dende o 1 de xaneiro de 1999, o Concello de Vigo ten aprobado, baixo a natureza xurídica de taxa, a contraprestación polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais seguindo, primeiro a sentenza do Tribunal Constitucional 185/1995 e logo, a Lei xeral tributaria 58/2003 de 17 de decembro, así como sucesivas sentenzas do Tribunal Supremo.

Sen embargo, compre sinalar que a Sentenza do Tribunal Constitucional 185/1995, ao analizar o concepto constitucional de “prestación patrimonial de carácter público” do artigo 31.3 da Constitución, sinalou que aquela é “toda prestación coactiva que se esixe ao cidadán cando este pretenda acceder a un servizo vital, obrigatorio ou ao uso do dominio público”. Engadiu que os



tributos eran unha manifestación das “prestacións patrimoniais de carácter público” pero non a única.

Esta é a tese que recolle o lexislador no ano 2017 para regular de forma clara e inequívoca que “as contraprestacións que abona o usuario a un concesionario ou empresa privada que presta un servizo son “tarifas”. Se o servizo é coactivo, como é o caso presente, estas terán a natureza de “prestacións patrimoniais de carácter público pero non tributarias”.

Coa finalidade de precisar o concepto de “prestación patrimonial de carácter público de natureza non tributaria” as disposicións finais novena, undécima e duodécima da Lei 9/2017 de CSP, modifican tres normas legais de natureza tributaria: Lei de taxas e prezos públicos, Lei xeral tributaria e Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Incorpórase, ademais unha Disposición Adicional cuadraxésima terceira, cuxo único contido é fixar a natureza das contraprestacións económicas pola explotación de obras públicas ou a prestación de servizos públicos en réxime de dereito privado.

No relativo ao que afecta directamente á vixente “Ordenanza fiscal de taxas pola subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais”, en tanto que estes servizos son esenciais, obrigatorios e son prestados en réxime de concesión administrativa, reproducimos a continuación o tenor literal do novo apartado 6 do artigo 20 do TRLRFL, que entrará en vigor o próximo 9 de marzo de 2017.

“6. Las contraprestaciones económicas establecidas coactivamente que se perciban por la prestación de los servicios públicos a que se refiere el apartado 4 de este artículo, realizada de forma directa mediante personificación privada o mediante gestión indirecta, tendrán la condición de prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario conforme a lo previsto en el artículo 31.3 de la Constitución.

En concreto, tendrán tal consideración aquellas exigidas por la explotación de obras o la prestación de servicios, en régimen de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariales, sociedades de capital íntegramente público y demás fórmulas de Derecho privado.

Sin perjuicio de lo establecido en el artículo 103 de la Ley de Contratos del Sector Público, sobre la procedencia y límites de la revisión de precios, las contraprestaciones económicas a que se refiere este apartado se regularán mediante ordenanza. Durante el procedimiento de aprobación de dicha ordenanza las entidades locales solicitarán informe preceptivo de aquellas Administraciones Públicas a las que el ordenamiento jurídico les atribuyera alguna facultad de intervención sobre las mismas”.

Segundo o anterior esta Dirección de Ingresos ten elaborado unha adaptación do texto vixente da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola subministración de auga potable, rede sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, ao disposto no artigo 20.6 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, que entrará en vigor o próximo 9 de marzo de 2018.

A adaptación límitase ao cambio na denominación da “contraprestación” e a substitución de determinados conceptos tributarios como feito impoñible e



base imponible por outros acordos coa natureza no tributaria da “prestación patrimonial de carácter público”.

Conforme ao disposto no artigo 2 do TRLRFL e artigo 2 da Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, ao ser unha “prestación de dereito público” no relativo aos procedementos de xestión, liquidación e recadación non expresamente regulados na presente Ordenanza, será de aplicación o regulado na citada Ordenanza Fiscal Xeral.

Informe sobre o impacto de xénero.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero.

Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de bases de réxime local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO :

1º) Aprobar a seguinte:

“ADAPTACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS Á NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 20 DO TRLRFL QUE ESTARÁ VIXENTE A PARTIR DO 9 DE MARZO DE 2018 SEGUNDO O DISPOSTO NA LEI 9/2017 DE 8 DE NOVEMBRO DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO”

O Artigo 1 quedará redactado como segue:

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

Segundo o disposto nos artigos 142 e 31.3 da Constitución así como no artigo 105.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, artigos 2 e 20.6 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Vigo regula a prestación patrimonial de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable e servizos de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

O parágrafo 1 e o título do Artigo 2 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 2. OBXECTO DA CONTRAPRESTACIÓN

Constitúe o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público a recepción dos servizos, que a continuación se detallan, prestados polo



Concello de Vigo, en réxime de xestión indirecta, baixo a modalidade de concesión administrativa de servizo público.

Os Artigos 3 e 4 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 3. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

- 1.- É suxeito obrigado ao pagamento a persoa física ou xurídica que utilice ou se beneficie dos servizos prestados.
- 2.- Serán responsables subsidiarios do pagamento os propietarios dos inmobles nos que se presten os servizos.

ARTIGO 4. BASE DE CÁLCULO

A base de cálculo da prestación determinarase en función dos consumos efectivamente realizados polo usuario, e obterase mediante diferenza da lectura dos aforos rexistrados -no respectivo contador de medida- durante dous períodos de facturación consecutivos.

No artigo 5, quedarán redactados como segue: o parágrafo primeiro da Tarifa II, os parágrafos primeiro e cuarto e o punto 3 da Tarifa III; o punto 1 da Tarifa IV e o último parágrafo da tarifa V.

ARTIGO 5. TARIFAS

TARIFA II.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS

Na percepción da contraprestación pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles.

TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS

Na percepción da contraprestación pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

Para a confección da liquidación, en aplicación das tarifas establecidas nos epígrafes II e III precedentes, teranse en conta as seguintes normas:

3. As vivendas, locais comerciais e industriais que dispoñan de subministración a través de Comunidades de augas veciñais e os titulares de actividades industriais, con sistema de captación debidamente autorizado, deberán instalar no prazo máximo de seis meses, contados a partir do seguinte á entrada en vigor desta Ordenanza, un contador de medida que permita a súa lectura e comprobación por parte da entidade concesionaria do servizo.

TARIFA IV

1. Para a execución dos proxectos de enganche e prolongacións da rede existente, utilizarase o cadro de prezos unitarios, que se incorporará ao texto da Ordenanza como anexo número I.



TARIFA V

Con respecto á regulación das cotas unificadas, recollidas neste epígrafe, estarase ao previsto no acordo adoptado polo Pleno da Corporación (sesión de data 13 de decembro de 1997), que se achega co expediente da Ordenanza como anexo número II.

Os Artigos 6, 7 8 e 9 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 6. COTA

A fixación ou determinación da cota a pagar deducirase a través da aplicación das seguintes regras:

- a) Prestación de servizos incluídos nos epígrafes II e III do artigo 5. A cota será resultado de aplicar á base de cálculo a correspondente tarifa unitaria.
- b) En todos os demais supostos, que dean orixe á obriga de pagamento, a cota será coincidente coa tarifa prevista no citado artigo 5 da presente Ordenanza.

ARTIGO 7. NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO

Nace a obriga de pagamento, como norma xeral, no momento de solicitar a prestación do servizo ou cando se utilice este, caso dos supostos previstos nos epígrafes I, II, III e IX.A) do artigo 5.

ARTIGO 8. PERÍODO DE FACTURACIÓN

O período de facturación coincidirá co bimestre natural e a el referiranse as cotas dos servizos cuxa prestación orixine unha liquidación de carácter variable (consumo de abastecemento e saneamento).

ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN

1. A xestión, liquidación e recadación desta prestación patrimonial de carácter público realizarase conforme ao disposto nesta Ordenanza e, con carácter supletorio, conforme ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral. Corresponderán á entidade concesionaria do servizo, FCC AQUALIA, S.A. as operacións materiais de dita xestión, de conformidade co previsto no Prego de condicións que rexe esta concesión.

2. As liquidacións practicadas en virtude desta Ordenanza serán obxecto de aprobación por resolución da Alcaldía.

O primeiro parágrafo do Artigo 11 e o seu título quedarán redactados como segue:

ARTIGO 11. COBRO DA PRESTACIÓN

1. A entidade concesionaria do servizo procederá a efectuar a lectura de todos os contadores de medida dos usuarios do servizo no transcurso do período de facturación. Para tal efecto, e agás circunstancias excepcionais, a medición dos aforos dos beneficiarios do servizo realizarase de tal forma que permita a comparación de consumos dun período de 60 días.

O Artigo 12 e a Disposición Final quedarán redactados como segue:

ARTIGO 12. REVISIÓN DE ACTOS, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

De conformidade co artigo 14.2 do TRLRFL, contra os actos ditados en



aplicación da presente Ordenanza procederá o recurso de reposición no prazo dun mes contado dende a finalización do periodo voluntario de cobranza.

Para cualificación das infraccións e das sancións que en cada caso procedan estarase a lo previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e na Lei de bases de réxime local.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas”.

En sesión de data 1 de febreiro, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

- En data 17.08.2018 o grupo municipal Partido Popular e o grupo municipal de Marea de Vigo en data 22.08.18 achegan escrito de presentación de emendas e escrito de rectificación de emendas con data 23.08.18.

En data de 23.08.2018 a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

En data de 27.08.18 o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo emite ditame en relación ás emendas presentadas ás ordenanzas.

Á vista dos antecedentes mencionados e dos informes emitidos, a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda por seis votos a favor (Grupo Municipal Socialista; tres abstencións (Grupo Municipal Popular e Grupo Municipal Marea de Vigo) eleva ó Pleno do concello o seguinte Ditame:

1º) Aprobación inicial en sesión plenaria previo ditame pola Comisión Informativa de Facenda, co correspondente trámite de audiencia para emendas segundo o Regulamento Orgánico do Pleno.

2º) Someter a información pública e audiencia aos interesados por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

4º) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.



5ª) Dar o trámite previsto no artigo 20.6 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais ante a Administración á que o ordenamento xurídico lle atribúa competencia en materia de contraprestacións económicas pola prestación de servicios públicos.

E para que conste e a efectos da súa inclusión na orde do día do Pleno da Corporación, expido a presente en Vigo, á data de sinatura dixital.

lc.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:36

Páxina 7 de 7

Expediente 2436/500

CSV: 24E853-253C88-5H41BF-UAKK13-KDKS5M-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

JOSE RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria (agosto) do día **5 de setembro de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

8.- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DA ORDENANZA QUE ADAPTA A ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS AO ARTIGO 20.6. DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DE FACENDAS LOCAIS. EXPTE. 2436/500. (1829/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 25.01.2018 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Adaptación do texto da Ordenanza Fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais á nova redacción do artigo 20 do TRLRFL que estará vixente a partir do 9 de marzo de 2018 segundo o disposto na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público”.

A Lei 9/2017 de 9 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao Ordenamento Interno as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 ten introducido un cambio na “natureza” da contraprestación que pagan os usuarios pola prestación dun servizo público prestado en réxime de concesión administrativa.

Ata o presente e dende o 1 de xaneiro de 1999, o Concello de Vigo ten aprobado, baixo a natureza xurídica de taxa, a contraprestación polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais seguindo, primeiro a sentenza do Tribunal Constitucional 185/1995 e logo, a Lei xeral tributaria 58/2003 de 17 de decembro, así como sucesivas sentenzas do Tribunal Supremo.

Sen embargo, compre sinalar que a Sentenza do Tribunal Constitucional 185/1995, ao analizar o concepto constitucional de “prestación patrimonial de carácter público” do artigo 31.3 da Constitución, sinalou que aquela é “toda prestación coactiva que se esixe ao cidadán cando este pretenda acceder a un servizo vital, obrigatorio ou ao uso do dominio público”. Engadiu que os tributos eran unha manifestación das “prestacións patrimoniais de carácter público” pero non a única.

Esta é a tese que recolle o lexislador no ano 2017 para regular de forma clara e inequívoca que “as contraprestacións que abona o usuario a un concesionario ou empresa privada que presta un servizo son “tarifas”. Se o servizo é coactivo, como é o caso presente, estas terán a natureza de “prestacións patrimoniais de carácter



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:36

Páxina 1 de 7

Expediente 2436/500

CSV: 28E757-253B86-5A4146-D8WKC3-QSZAVK-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

público pero non tributarias”.

Coa finalidade de precisar o concepto de “prestación patrimonial de carácter público de natureza non tributaria” as disposicións finais novena, undécima e duodécima da Lei 9/2017 de CSP, modifican tres normas legais de natureza tributaria: Lei de taxas e prezos públicos, Lei xeral tributaria e Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Incorpórase, ademais unha Disposición Adicional cuadraxésima terceira, cuxo único contido é fixar a natureza das contraprestacións económicas pola explotación de obras públicas ou a prestación de servizos públicos en réxime de dereito privado.

No relativo ao que afecta directamente á vixente “Ordenanza fiscal de taxas pola subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais”, en tanto que estes servizos son esenciais, obrigatorios e son prestados en réxime de concesión administrativa, reproducimos a continuación o tenor literal do novo apartado 6 do artigo 20 do TRLRFL, que entrará en vigor o próximo 9 de marzo de 2017.

“6. Las contraprestaciones económicas establecidas coactivamente que se perciban por la prestación de los servicios públicos a que se refiere el apartado 4 de este artículo, realizada de forma directa mediante personificación privada o mediante gestión indirecta, tendrán la condición de prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario conforme a lo previsto en el artículo 31.3 de la Constitución.

En concreto, tendrán tal consideración aquellas exigidas por la explotación de obras o la prestación de servicios, en régimen de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariales, sociedades de capital íntegramente público y demás fórmulas de Derecho privado.

Sin perjuicio de lo establecido en el artículo 103 de la Ley de Contratos del Sector Público, sobre la procedencia y límites de la revisión de precios, las contraprestaciones económicas a que se refiere este apartado se regularán mediante ordenanza. Durante el procedimiento de aprobación de dicha ordenanza las entidades locales solicitarán informe preceptivo de aquellas Administraciones Públicas a las que el ordenamiento jurídico les atribuyera alguna facultad de intervención sobre las mismas”.

Segundo o anterior esta Dirección de Ingresos ten elaborado unha adaptación do texto vixente da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola subministración de auga potable, rede sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, ao disposto no artigo 20.6 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, que entrará en vigor o próximo 9 de marzo de 2018.

A adaptación limítase ao cambio na denominación da “contraprestación” e a substitución de determinados conceptos tributarios como feito impositivo e base impositiva por outros acordos coa natureza non tributaria da “prestación patrimonial de carácter público”.

Conforme ao disposto no artigo 2 do TRLRFL e artigo 2 da Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, ao ser unha “prestación de dereito público” no relativo aos procedementos de xestión, liquidación e recadación non expresamente regulados na presente Ordenanza, será de aplicación o regulado na citada Ordenanza Fiscal Xeral.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:36

Páxina 2 de 7

Expediente 2436/500

CSV: 28E757-253B86-5A4146-D8WKC3-QSZAVK-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Informe sobre o impacto de xénero.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero.

Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de bases de réxime local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO :

1º) Aprobar a seguinte:

“ADAPTACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS Á NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 20 DO TRLRFL QUE ESTARÁ VIXENTE A PARTIR DO 9 DE MARZO DE 2018 SEGUNDO O DISPOSTO NA LEI 9/2017 DE 8 DE NOVEMBRO DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO”

O Artigo 1 quedará redactado como segue:

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

Segundo o disposto nos artigos 142 e 31.3 da Constitución así como no artigo 105.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, artigos 2 e 20.6 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Vigo regula a prestación patrimonial de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable e servizos de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

O parágrafo 1 e o título do Artigo 2 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 2. OBXECTO DA CONTRAPRESTACIÓN

Constitúe o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público a recepción dos servizos, que a continuación se detallan, prestados polo Concello de Vigo, en réxime de xestión indirecta, baixo a modalidade de concesión administrativa de servizo público.

Os Artigos 3 e 4 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 3. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

- 1.- É suxeito obrigado ao pagamento a persoa física ou xurídica que utilice ou se beneficie dos servizos prestados.
- 2.- Serán responsables subsidiarios do pagamento os propietarios dos inmobles nos que se presten os servizos.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:36

Páxina 3 de 7

Expediente 2436/500

CSV: 28E757-253B86-5A4146-D8WKC3-QSZAVK-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

ARTIGO 4. BASE DE CÁLCULO

A base de cálculo da prestación determinarase en función dos consumos efectivamente realizados polo usuario, e obterase mediante diferenza da lectura dos aforos rexistrados -no respectivo contador de medida- durante dous períodos de facturación consecutivos.

No artigo 5, quedarán redactados como segue: o parágrafo primeiro da Tarifa II, os parágrafos primeiro e cuarto e o punto 3 da Tarifa III; o punto 1 da Tarifa IV e o último parágrafo da tarifa V.

ARTIGO 5.TARIFAS

TARIFA II.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS

Na percepción da contraprestación pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles.

TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS

Na percepción da contraprestación pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

Para a confección da liquidación, en aplicación das tarifas establecidas nos epígrafes II e III precedentes, teranse en conta as seguintes normas:

3. As vivendas, locais comerciais e industriais que dispoñan de subministración a través de Comunidades de augas veciñais e os titulares de actividades industriais, con sistema de captación debidamente autorizado, deberán instalar no prazo máximo de seis meses, contados a partir do seguinte á entrada en vigor desta Ordenanza, un contador de medida que permita a súa lectura e comprobación por parte da entidade concesionaria do servizo.

TARIFA IV

1. Para a execución dos proxectos de enganche e prolongacións da rede existente, utilizarase o cadro de prezos unitarios, que se incorporará ao texto da Ordenanza como anexo número I.

TARIFA V

Con respecto á regulación das cotas unificadas, recollidas neste epígrafe, estarase ao previsto no acordo adoptado polo Pleno da Corporación (sesión de data 13 de decembro de 1997), que se achega co expediente da Ordenanza como anexo número II.

Os Artigos 6, 7 8 e 9 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 6. COTA

A fixación ou determinación da cota a pagar deducirase a través da aplicación das



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:36

Páxina 4 de 7

Expediente 2436/500

CSV: 28E757-253B86-5A4146-D8WKC3-QSZAVK-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

seguintes regras:

- a) Prestación de servizos incluídos nos epígrafes II e III do artigo 5. A cota será resultado de aplicar á base de cálculo a correspondente tarifa unitaria.
- b) En todos os demais supostos, que dean orixe á obriga de pagamento, a cota será coincidente coa tarifa prevista no citado artigo 5 da presente Ordenanza.

ARTIGO 7. NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO

Nace a obriga de pagamento, como norma xeral, no momento de solicitar a prestación do servizo ou cando se utilice este, caso dos supostos previstos nos epígrafes I, II, III e IX.A) do artigo 5.

ARTIGO 8. PERÍODO DE FACTURACIÓN

O período de facturación coincidirá co bimestre natural e a el referiranse as cotas dos servizos cuxa prestación orixine unha liquidación de carácter variable (consumo de abastecemento e saneamento).

ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN

1. A xestión, liquidación e recadación desta prestación patrimonial de carácter público realizarase conforme ao disposto nesta Ordenanza e, con carácter supletorio, conforme ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral. Corresponderán á entidade concesionaria do servizo, FCC AQUALIA, S.A. as operacións materiais de dita xestión, de conformidade co previsto no Prego de condicións que rexe esta concesión.

2. As liquidacións practicadas en virtude desta Ordenanza serán obxecto de aprobación por resolución da Alcaldía.

O primeiro parágrafo do Artigo 11 e o seu título quedarán redactados como segue:

ARTIGO 11. COBRO DA PRESTACIÓN

1. A entidade concesionaria do servizo procederá a efectuar a lectura de todos os contadores de medida dos usuarios do servizo no transcurso do período de facturación. Para tal efecto, e agás circunstancias excepcionais, a medición dos aforos dos beneficiarios do servizo realizarase de tal forma que permita a comparación de consumos dun período de 60 días.

O Artigo 12 e a Disposición Final quedarán redactados como segue:

ARTIGO 12. REVISIÓN DE ACTOS, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

De conformidade co artigo 14.2 do TRLRFL, contra os actos ditados en aplicación da presente Ordenanza procederá o recurso de reposición no prazo dun mes contado dende a finalización do periodo voluntario de cobranza.

Para cualificación das infraccións e das sancións que en cada caso procedan estarase a lo previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e na Lei de bases de réxime local.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:36

Páxina 5 de 7

Expediente 2436/500

CSV: 28E757-253B86-5A4146-D8WKC3-QSZAVK-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Aprobación inicial en sesión plenaria previo ditame pola Comisión Informativa de Facenda, co correspondente trámite de audiencia para emendas segundo o Regulamento Orgánico do Pleno.

3º) Someter a información pública e audiencia aos interesados por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia.

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

5º) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

En sesión de data 1 de febreiro de 2018, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

- En data 17.08.2018 o grupo municipal Partido Popular e o grupo municipal de Marea de Vigo en data 22.08.18 achegan escrito de presentación de emendas e escrito de rectificación de emendas con data 23.08.18.

-Con data 7.08.18, emite informe o secretario xeral do Pleno que é ampliado mediante informe de data 20.08.2018.

En data de 23.08.2018 a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

Con data de 27.08.18 o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo emite ditame en relación ás emendas presentadas ás ordenanzas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, con data 29.08.2018, ditamina favorablemente dita proposta, engadindo na parte dispositiva da proposta de acordo o apartado 5 que consta no acordo como sexto.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e dez votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:36

Páxina 6 de 7

Expediente 2436/500

CSV: 28E757-253B86-5A4146-D8WKC3-QSZAVK-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

SEGUNDO: Aprobación inicial da Modificación do Proxecto da Ordenanza que adapta a Ordenanza Fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais ao artigo 20.6 do Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais.

TECEIRO: Someter a información pública e audiencia aos interesados por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

QUINTO: Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

SEXTO: Dar o trámite previsto no artigo 20.6 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais ante a Administración á que o ordenamento xurídico lle atribúa competencia en materia de contraprestacións económicas pola prestación de servizos públicos.

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo á data da sinatura dixital.
am

Vº e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 12:36	Páxina 7 de 7
Expediente 2436/500	CSV: 28E757-253B86-5A4146-D8WKC3-QSZAVK-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		